



Versión canina d' *A xoven da perla*, de Vermeer. // Svejtlan Junakovic

O babuíno de Van Eyck

Álbum ilustrado Relectura das obras clásicas da pintura europea

Xa quedou dito que a recreación en álbum das grandes obras, artistas e movementos da historia da arte é un camiño atinado, xa que o álbum ilustrado, na súa esixíbel sinerxía entre texto e imaxe, está marcando a relación que o actual lector terá no futuro coa literatura e coa arte. Hai un tempinho chegounos este álbum sorprendente que acabaría por acadar altas distincións –Libro Infantil e Xuvenil mellor editado do 2007 do Ministerio de Cultura e unha mención nos BolognaRagazzi Award for Children de 2008– amais da consideración dos lectores e mediadores que manexan esta obra coma un reto e unha aprendizaxe.

A obra do ilustrador croata Svejtlan Junakovic consiste nunha revisitación de máis dunha vintena de obras clásicas da pintura europea, nas que substitúe por animais os seres humanos nelas re-

Gran libro dos retratos dos animais · Svejtlan Junakovic, Antón Fortes (trad) · OQO Editora, 2006 48 páx · 16 euros



tratados. Deste xeito, o autorretrato de Dürero pasa a ser un león; *O home do turbante vermello* de Van Eyck é agora un babuíno; *Federico da Montefeltro* de Della Francesca é aquí un pingüín; o *Marat morto* de David, un polo desplumado; *La bele Feroniere* de Leonardo toma o rostro do mesmo armiño que ten no colo e temos ras onde Rembrandt pintou ao doutor Tulp e os seus discípulos.

Un traballo pictórico destacábel que conserva o paralelismo coa obra orixinal e que ha permitir a pais, mestres e rapaces o xogo do descubrimento sen deixar de contemplar unha obra meritosa en si. // **X. P. D.**